



# RESOLUCIÓN

**Expediente núm.:** 3260/2022

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de persoal e provisións de postos de traballo relacionados con menores

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Cangas é un concello declarado municipio turístico galego pola Xunta de Galicia, por Resolución de 1 de xuño de 2001 (DOG 15 de xuño de 2001). Tal circunstancia implica que, por unha banda, durante a tempada de verán o noso concello resulta un foco de atracción de numerosos visitantes que especialmente conta como un dos seus principais valores cos seus areais e, por outra banda esta administración non pode descoñecer a importante repercusión desta actividade na economía local e por último tamén debe tomarse en consideración que a relevante afluencia que se ven de mencionar implica que deben adoptarse especiais precaucións no mantemento da seguridade nas zonas de baño.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022 foron aprobadas as listaxes de contratación destinadas a atender axilmente as necesidades de contratación laboral temporal de persoal socorristas, auxiliares de información e primeiros auxilios e patróns/patroas para o servizo de salvamento en praias, que foron obxecto dun primeiro proceso selectivo para a súa ampliación no verán de 2022.

No presente verán de 2024 contando coas listaxes mencionadas se fixeron os chamamentos previstos nas mesmas resultando que esgotadas as listaxes non se cubriron a totalidade das necesidades previstas para o servizo de salvamento en praias polo que tomando en consideración que as bases que rexeron o proceso anterior contemplaban no seu apartado noveno a posibilidade de ampliación das listaxes aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022, entendemos procedente iniciar un proceso selectivo do que resulte, ao seu remate, a ampliación das mesmas, podendo así cubrir dun xeito áxil as necesidades excepcionais de contratación laboral temporal no servizo de salvamento en praias no mesmo réxime que fora previsto para estas, previa a adopción da resolución na que se xustifique a necesidade urxente e inaprazable desta cobertura.

A tal fin foi preparado un texto de bases, elaborado sobre a base do anterior e coas mesmas proba, sometido á consideración da Mesa de Negociación Colectiva do Concello de Cangas en sesión de data 26/07/2022 merecendo a aprobación unánime desta.

Xa que logo procede convocar un proceso de selección dirixido a ampliación das listaxes de agarda existentes aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022. Tendo en conta a necesidade de contar con estas urxentemente procede que esta convocatoria e aprobación de bases se efectúe avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local a tal efecto por Decreto 2023-1299 de 29 de xuño de 2023.





Visto o disposto respecto a contratación de persoal laboral temporal na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 55 da Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Tomando en consideración o anteriormente exposto en exercicio das competencias que lle outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente, en particular o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local procede adoptar a seguinte

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Aprobar, avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local a tal efecto por Decreto 2021-0363 de 19 de febreiro de 2021 as bases para a ampliación das listaxes de agarda de socorristas, auxiliares de socorrista e patróns necesarios para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022, bases que literalmente din:

**\*\*«\*\*BASES PARA A AMPLIACIÓN DAS LISTAXES PARA CUBRIR AS NECESIDADES DE PERSOAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 2022-1149 DO 02/07/2022**

**PRIMEIRA.-** OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a ampliación das listaxes de agarda de socorristas, auxiliares de socorrista e patróns necesarios para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022.

As persoas seleccionadas ordenadas en función dos resultados do presente proceso pasarán a integrar as devanditas listaxes ocupando os postos sucesivos segundo eses resultados ao último integrante das listaxes existentes en cada categoría.

As citadas listaxes tal e como se dispoñía nas bases que rexeron a súa creación serven para provisión temporal de necesidades de persoal de socorristas, auxiliares de información e primeiros auxilios e patróns/patroas para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas, en réxime de contratación laboral temporal segundo corresponda en aplicación da lexislación vixente e coas percepcións salariais que se determinen na resolución pola que se determine a necesidade de efectuar os chamamentos da listaxe correspondente.

En ningún caso a mera pertenza á bolsa implicará dereito algún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello de Cangas considere conveniente a súa utilización, polos motivos que fosen, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas bases. É dicir, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente en función da orde da lista e o réxime de chamamentos establecido nas bases.





Os chamamentos da listaxe resultante trala agregación dos aspirantes seleccionados ao remate do presente proceso realizaranse en función da súa orde continuando a partir da última persoa que fora chamada, adquirindo o compromiso as persoas integrantes das listaxes de manter en vigor os requisitos necesarios segundo a normativa en vigor para ser contratados nas respectivas categorías tanto no momento da presentación da instancias como no momento de ser contratadas.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica (<https://cangas.sedelectronica.gal/info.0>) ata o día da realización dos exercicios co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases, así como na páxina web do Concello de Cangas ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)).

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

## SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán/cidadá español/española ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión do Título de Graduado en ESO ou equivalente.
- e) Cumprir os seguintes requisitos específicos de cada unha das prazas das listaxes a constituír:

- PATRÓNS: Estar en posesión do título de patrón de navegación básica PNB ou superior.

- SOCORRISTAS: Estar inscrito no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

- AUXILIARES DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURALS: Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (Sección de Persoal auxiliar de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.





- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- h) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame nos termos establecidos na base cuarta.

### TERCEIRA.- SOLICITUDES E PRAZO DE ADMISIÓN DESTAS

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia anexo ás presentes bases dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. As persoas aspirantes que desexen optar a diferentes especialidades deberán presentar tantas solicitudes como categorías as que se presenten coa súa respectiva documentación e abono de taxas.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39 /2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente neste concello o/a aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico [xuridico@cangas.gal](mailto:xuridico@cangas.gal), unha copia da instancia selada na oficina de rexistro empregada con anterioridade ao remate do prazo de presentacións de instancias aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/as interesados/interesadas presentarán as súas solicitudes sinalando a praza a que aspiran achegadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que acompaña ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia simple por ámbalas dúas caras do DNI.
- Fotocopia da documentación que acredite a posesión da titulación académica requirida nas presentes bases.
- Fotocopia do documento acreditativo da titulación específica en vigor (como patrón/patroa, socorrista ou auxiliar de salvamento) requirida nas presentes bases.
- Resgardo acreditativo de ter satisfeito as taxas.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.





O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos na base anterior e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

#### CUARTA.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente, a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €) (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello en horario de atención ao público). A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e no poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

#### QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente cada vez que o Concello así o requira e especialmente no momento do chamamento.

#### SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes. Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

A composición efectiva do tribunal se fixará na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos e a data de exame.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nestes concorra algunha das circunstancias previstas para elo, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituírse con antelación suficiente ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

## SÉTIMA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os aspirantes no día, hora e lugar para o que fosen citados na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos serán convocados para a realización da proba práctica da fase de oposición, sendo os sucesivos exercicios fixados mediante acordo do tribunal de selección. Acordo que se publicará na páxina web do Concello e no taboleiro municipal indicando o día, hora e lugar que tivese acordado. As probas da fase de oposición serán as seguintes:

### PRIMEIRO EXERCICIO PROBA TEÓRICO/ PRÁCTICA

Os aspirantes serán convocados no día, hora e lugar que acorde o tribunal e que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello e na páxina web do Concello para a realización dunha proba teórico/ práctica, de carácter eliminatorio, previo chamamento único. As probas a realizar serán:

#### PARA AS PRAZAS DE PATRÓN:

Versará sobre o manexo da embarcación, manobras de atraque e desatraque, entrada e saída en praia e en porto, nas condicións esixidas polo tribunal. A puntuación máxima na proba práctica será de 90 puntos sendo necesario obter como mínimo 45 puntos para non quedar eliminado.

#### PARA AS PRAZAS DE SOCORRISTA:

Consistirá en correr 200 metros, entrar no mar e nadar unha distancia que será establecida polo tribunal ao inicio da proba en función das circunstancias meteorolóxicas para recoller un moneco de rescate acuático, remolcalo coa técnica adecuada ata a beira do mar e sacalo da auga ata o punto sinalado polo Tribunal. A proba terá unha puntuación máxima de 90 puntos resultando preciso lograr 45 puntos para non quedar eliminado.

O tribunal antes do comezo da proba estipulará os tempos requiridos, tempo máximo para a execución da proba. A puntuación dependerá do tempo máximo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia a do aspirante que obtivera o mellor tempo.

A realización da proba comezará por aqueles aspirantes que teñen como inicial do primeiro apelido a letra escollida conforme ao sorteo realizado previamente polo Tribunal diante dos aspirantes.

O tribunal modificará a posición dos monecos de rescate acuático situados na auga en función da duración da proba e da marea existente.





## PARA AS PRAZAS DE AUXILIARES DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS:

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 90 puntos, sendo preciso acadar cando menos 45 puntos para superala e non quedar eliminado/a do proceso de selección.

Consistirá na realización dun test escrito de 12 preguntas e 3 preguntas reserva, que versará sobre a normativa de aplicación en materia de salvamento, en particular o decreto 125/2021, do 21 de outubro polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

- accións e técnicas en materia de primeiros auxilios.

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de 30 minutos para realizar esta proba.

Este exercicio estará redactado en idioma galego e aquelas persoas que no seu caso desexen realizalo en idioma castelán deberán manifestar expresamente esta preferencia na instancia de participación que presenten.

### SEGUNDO EJERCICIO. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

De carácter obrigatorio e non eliminatorio e común para ambas categorías (socorristas e patróns). Consistirá na tradución dunha serie de 20 palabras propostas polo tribunal do galego ao castelán ou do castelán ao galego nun tempo máximo de 20 minutos. A proba valorarase de 0 a 10 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en Lingua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 10 puntos. O certificado deberá ser presentado ao tribunal con antelación á realización da proba.

### OITAVA.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS E APROBACIÓN DAS LISTAXES

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes a determinación da posición en cadansúa listaxe se determinará en primeiro lugar tomando en consideración a puntuación illada da primeira proba da oposición, de persistir este mediante sorteo entre os aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de listaxe ordenada por orden decrecente de puntuacións totais finais e unha vez desfeitos os empates que puidera haber.

A Alcaldía unha vez recibida a proposta do Tribunal de Selección aprobará mediante resolución da Alcaldía as listaxes resultantes da ampliación obxecto do presente proceso, o que determinará a súa entrada en vigor.





## NOVENA.- RÉXIME DAS LISTAXES DE CONTRATACIÓN.

As listaxes resultantes da ampliación estenderán a súa duración ata a data de extinción das listaxes iniciais que se amplían, aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022, catro anos prorrogables a contar dende a data da aprobación da citada resolución sen prexuízo de que o Concello poida determinar discrecionalmente o seu remate, ampliación ou renovación con carácter anticipado.

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde da listaxe aprobada en función das puntuacións obtidas e garantindo que todas as persoas que o integran vaian cumprindo por esta orde o mesmo número de chamamentos progresivamente, de tal xeito que respecto as listaxes ampliadas que resulten ao final do presente proceso selectivo os respectivos chamamentos comezarán a partir da seguinte persoa á última obxecto de chamamento efectuado coa listaxe inicialmente aprobada.

Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A tal fin os aspirantes na solicitude de participación darán a súa conformidade á ser notificados electronicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e das contratacións que puidera derivarse do mesmo.

En situacións de urxencia poderá facerse un chamamento telefónico, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que fagan constar na instancia de participación, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.

A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe sen exclusión daquel de tal xeito que poderá volver ser chamado cando novamente cando seguindo a orde lle volva a tocar.

Se a persoa incluída na bolsa fose notificada para proceder á súa contratación e rexeitase ou non se presentará no tempo que se lle indicou sen mediar xustificación, será eliminada da bolsa, entendendo que esta circunstancia se producirá, en todo caso, se non dá resposta no prazo de cinco días naturais desde a notificación da oferta de contratación.

Entenderase que existe xustificación cando se acredite, mediante o medio de proba adecuado a cada suposto, algunha das seguintes situacións:

- Atoparse en situación de incapacidade temporal, acreditada por certificado ou parte médico.
- Estar en período de descanso por maternidade biolóxica, adopción ou acollemento, tanto pre adoptivo como permanente, acreditados a través de certificado de nacemento ou libro de familia ou da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial que constituía a adopción.
- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público.
- Manter unha relación de emprego de carácter temporal, debendo achegar copia do contrato ou, unha vez finalizada a mesma, copia da notificación de cesamento ou da extinción contractual.







- Causa de forza maior apreciada con tal carácter pola Administración.

A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da listaxe.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para o seu nomeamento considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique. En particular as persoas integrantes da listaxe deberán acreditar e cumprir cos requisitos establecidos na normativa en vigor para o exercicio da actividade profesional para a que resultaron seleccionadas debendo manter en vigor e no seu caso actualizar de acordo coa normativa vixente en cada momento os títulos, tarxetas profesionais e requisitos precisos para poder ser contratados en cadansúa categoría.

As contratacións que se efectúen en base as listaxes deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos. Esta resolución da Alcaldía determinará o réxime e condicións da contratación temporal proposta.

#### DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias a que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

#### DÉCIMO SEGUNDA.– NORMA FINAL

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Galicia, no prazo





de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo, segundo o art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución expresa do mesmo este se poderá entender desestimado.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto nos artigos 13.d) e 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

ANEXO

## **INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A AMPLIACIÓN DAS LISTAXES DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL DO SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS.**

**PRAZA (risque o que proceda):**

PATRÓN (...)

SOCORRISTA(...)

AUXILIAR DE SALVAMENTO (,,)

**APELIDOS, NOME:**

**TELÉFONO:**

**DNI:**





**ENDEREZO:**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO:**

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo do servizo de salvamento en praias convocado para ampliar as listaxes de contratación de persoal temporal aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2022-1149 do 02/07/2022 para o Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas adquirindo o compromiso de manter en vigor os requisitos necesarios para a contratación cando sexa chamado e durante toda a duración dos contratos que puidera subscribir en base as listaxes ás que opta.

Cangas, de de 2024

Asdo. : .....

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:**

- o A presente instancia, debidamente  **cuberta e asinada**.
- o Fotocopia do D.N.I.
- o Fotocopia da titulación esixida (académica e específica).
- o Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- o No seu caso, documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.>>

**SEGUNDO:** Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

**TERCEIRO:** Dar Conta á Xunta de Goberno Local da presente resolución na vindeira sesión.

**RECURSOS/ALEGACIÓNS**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.





**Concello de Cangas**

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 9YAEDLD7LWZ99C4ENDH79Z4HS  
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

